



**DISCURSO DO PORTAVOZ NACIONAL  
NA OFRENDA A ROSALÍA E CASTELAO  
24/07/2010**

Mozas e mozos

Amigos e amigas

Compañeiros e compañeiras

É sempre unha inmensa honra tomar a palabra en representación de todos e de todas vós nun acto de homenaxe aos nosos símbolos nacionais máis queridos. A Rosalía e a Castelao.

Fágoo aquí no marco do Panteón de Galegos Ilustres e o primeiro que teño que dicir, alto e claro, con toda enerxía, é que este Panteón é do Pobo Galego e só o Pobo Galego é o lexítimo depositario do legado simbólico que gardan estas paredes.

Estas semanas, o nacionalismo galego -novamente en solitario- librou unha batalla para resgatar Rosalía e Daniel do seu secuestro por parte da Igrexa Católica, que os tiña aquí fechados, afastados do seu elemento natural, do contacto co pobo ao que serviron e amaron durante toda a súa vida.

A consecuencia da nosa presión política e tamén da presión social, o Goberno Feijóo asinou un convenio coa Igrexa, un convenio express, como o cualificou a nosa compañeira Ana Pontón, para saír do paso e dar unha saída a este conflito.

Quero felicitar expresamente á AELGA pola iniciativa tomada o pasado día 15. Agradecer a todas e a todos a participación nese acto e de xeito singular ás persoas

do mundo da cultura: grazas polo voso exemplo de dignidade fronte ao silencio, fronte á covardía, fronte á claudicación.

Dicía que con ese convenio express só saen do paso, non arranxan o problema de fondo, e o problema de fondo é que este espazo debe ser público e debe estar regulado polas institucións democráticas galegas.

Non sae do paso o Goberno do PP menos aínda dando por boa a tutela da Igrexa sobre este espazo recoñecéndolle mesmo o dereito a establecer que actos se poden facer aquí e cales non. É inaceptábel.

Pois ben, que saiban que nós continuaremos loitando para que este Panteón de Galegos Ilustres recobre a súa condición orixinaria de espazo laico -produto da desamortización do século XIX!-, condición pola que Rosalía quixo estar aquí e non nun cemiterio católico.

Amigos e amigas

Úrxenos como galegas e galegos que aspiramos a ser cidadáns libres desvendar a manipulación e a desfiguración que historicamente sufriron as figuras de Rosalía e Daniel.

Eles son o rostro real do País e por iso é imperioso que aparezan tal como eran, e non tal e como nolos quixeron presentar, e nolos queren presentar, os que traballan para que Galiza continúe sendo un País débil e politicamente dependente.

Con Rosalía e con Castelao Galiza comeza a ter consciencia de si mesma.

O que os españoлисты non poden tolerar é precisamente iso, que o País se vexa reflectido no espello coa súa faciana real, non distorsionada nen virada cara ao esperpento.

Falo de españoлисты e falo con absoluta propiedade.

Son os que ante a sentenza do Tribunal Constitucional sobre o Estatut se apresan a declarar non que Galiza é tan nación como a que máis, senón que España é a única

nación que eles recoñecen como tal.

O presidente do Goberno galego está entre eles. Invoca o galeguismo e mesmo invoca a Castelao, mais en realidade os seus referentes son outros. En que formación política tería militado o señor Feijóo na II República? No Partido Galeguista de Bóveda e Castelao ou na dereita reaccionaria? Tería traballado para que Galiza se equiparase como nación a Catalunya e Euskadi ou tería aplaudido no Teatro da Comedia ao fundador da Falange cando cualificou a España da Patria Común e Indivisible de todos os españois?

O señor Feijóo estase convertendo nun grave problema para Galiza.

Nun grave problema porque non ten ningunha solución para a dobre crise que atravesamos o noso País.

Nen ten solucións para a crise económica nen ten solucións para a crise política.

Na crise económica, Feijóo límitase a aplicar o receitario neoliberal, xustamente o contrario do que se debería facer para saírmos da Recesión. Como se pode solucionar unha crise provocada polo neoliberalismo con máis neoliberalismo? A esa pregunta o señor Feijóo non é quen de darlle resposta. El tampouco está para grandes debates. O seu é privatizar, desmontar as conquistas logradas polo nacionalismo na súa etapa de goberno, atacar a lingua galega, inhibirse ante as dificultades dos sectores produtivos, usar e abusar dos medios de titularidade pública.

Temos unha crise política porque Galiza está virtualmente na Segunda División autonómica do Estado e iso ten un directo responsábel. O señor Feijóo e o Partido Popular. Eles vetaron o Novo Estatuto na pasada lexislatura e eles comezan o proceso na actual situándose xa de inicio por debaixo do conseguido por Catalunya. A súa nula ambición, o seu nulo perfil, o seu nulo peso político no Estado, fan que sinxelamente Galiza desapareza do mapa. Por máis que o actual marco estatutario se revele como insuficiente para resolver os problemas do País, o PP persiste en impedir avanzar no autogoberno.

Con eles no goberno, o noso País é percibido polo Estado como unha provincia sumisa. Unha provincia á que non hai que darlle nada porque nada pide. O Estado ve

presión política en Euskadi e en Catalunya. E vese na obriga de negociar. O Estado olla para Galiza e o único que ve é a un presidente diletante ao que só lle importa a súa promoción persoal, pero que nunca, nunca, plantexará o máis mínimo problema. Nen no debate estatutario. Nen no debate sobre o financiamento. Nen no debate sobre os investimentos en infraestruturas.

Amigos e amigas

Diga o que diga o Tribunal Constitucional español, digan o que digan as cúpulas do PP e do PSOE, Galiza é unha nación.

E cando digo que Galiza é unha nación non digo que sexa unha nación folclórica, ou unha nación gastronómica, ou unha nación etnográfica, arqueolóxica ou sentimental.

Non, digo que Galiza é unha nación con todas as da lei, unha nación soberana, unha nación fonte de dereitos políticos.

E como nación Galiza só terá como límite a libre vontade das galegas e dos galegos, non nengunha resolución tomada por 12 maxistrados eleitos a dedo polo PP e polo PSOE.

Mozas e mozos de Galiza Nova

A mocidade é un sector chave para gañarmos o futuro como nación soberana.

Construír ese futuro é a tarefa do presente e é tarefa en que vós estades chamados a xogar un papel esencial.

Sodes os que máis estades a pagar as consecuencias da crise sistémica do capitalismo neoliberal.

Sodes os que aturades as maiores taxas de precariedade laboral, elevadas taxas de paro ou salarios miserábeis.

Sodes os que sufrides a deterioración do ensino público, os que estudades.

Sodes os que con non tedes opción a exercer o dereito a traballar na propia Terra, os que emigrades.

Pero sodes tamén os que vos organizades para defender a Patria Galega e para serdes cidadáns galegos con plenos dereitos . Os que aspirades a poder vivir con normalidade como galegos e galegas.

Mozas e mozos de Galiza Nova

Nada mellor que actuar sen complexos como galegas e galegos para facer frente á ofensiva do españolismo ideolóxico e político.

Sen complexos, con intelixencia, gañando cada vez máis apoios entre as mozas e os mozos deste País, para facer de Galiza Nova a organización xuvenil de maior influencia social en Galiza.

Ese é o camiño polo que debemos transitar todas e todos. O camiño do traballo social. Debemos fuxir como do lume dos círculos fechados e da endogamia. Debemos andar sempre polo medio do pobo. Somos pobo galego e temos que estar sempre onde estea a xente. E aí defendermos o que somos. Con humildade, con paciencia, con argumentos, con principios e con convicciós. Coa forza da razón.

Amigas e amigos

O nacionalismo é un proxecto con vocación maioritaria en Galiza porque o nacionalismo é un proxecto para a maioría social.

Levamos décadas experimentando as políticas dos partidos estatais no noso País e xa coñecemos o balance: parálise dos sectores produtivos, estancamento demográfico, emigración....

As propostas dos partidos estatais para Galiza francamente non dan máis de si.

Necesitamos outra Política, necesitamos outra Galiza: con Democracia, Autogoberno e Benestar.

Necesitamos máis nacionalismo porque só se rachamos a dependencia superaremos a dobre crise que padece Galiza -a económica, a política- e estaremos á altura do monumental legado que nos deixaron Rosalía e Daniel.

Moitas grazas pola vosa atención.

Viva a Patria Galega!